

## BASES SORTEO DE 10 EXEMPLARES DE *IRIDIUM*

### 1. ENTIDADE ORGANIZADORA

A Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE), con CIF G70191051 e domicilio en Rúa Galeras, 17, 2º, Despacho 5 - 15705 - Santiago de Compostela.

### 2. ÁMBITO TERRITORIAL

Todo o territorio estatal.

### 3. FINALIDADE

Incrementar o coñecemento social do dano cerebral adquirido (DCA).

### 4. REQUISITOS PARA PARTICIPAR

Poderá participar calquera persoa física. No caso de menores de idade ou persoas coa capacidade de obrar modificada, deberán achegar, xunto co texto, unha autorización da súa titora ou titor.

A participación realizarase mediante o envío, no prazo sinalado, dun texto sobre o dano cerebral adquirido de entre 100 e 300 palabras ao enderezo de correo electrónico [opina@fegadace.org](mailto:opina@fegadace.org) ou a través de mensaxe directa aos perfís de FEGADACE nas redes sociais Facebook ou Twitter.

Os textos poden ser autobiográficos, testemuñais, literarios, de denuncia, ou de calquera outro tipo.

### 5. PERÍODO

Do 20 de marzo de 2019 ao 22 de abril de 2019.

### 6. SORTEO

Vaise celebrar o 23 de abril de 2019 ás 9:00 hh. na sede de FEGADACE.

### 7. PREMIO

Entregaranse dez premios, consistentes, cada un deles, no envío por correo postal ordinario a calquera punto do territorio estatal peninsular dun exemplar da novela *Iridium*.

Non se poderá cambiar polo seu importe en metálico nin por ningunha outra compensación.

### 8. COMUNICACIÓN E ACEPTACIÓN

A comunicación realizarase o 23 de abril de 2019 a través do envío dunha comunicación persoal pola canle seleccionada pola persoa participante (correo electrónico, mensaxe directa en Facebook ou mensaxe directa en Twitter) e tamén da publicación na páxina web e redes sociais de FEGADACE.

Cada persoa gañadora terá un prazo de vinte (20) días naturais desde o do sorteo –non incluído- para remitir, pola canle que prefira, o enderezo ao que quere que se lle envíe o libro. No caso de que non o envíe, realizarase un segundo sorteo, empregando o mesmo procedemento, entre as persoas participantes non galardoadas no primeiro.



## **9. ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación no sorteo implica a aceptación íntegra das bases, así como o criterio de FEGADACE á hora de resolver calquera cuestión non prevista nas mesmas.

## **10. CONSIDERACIÓNS XERAIS**

As persoas participantes no sorteo autorizan expresamente a publicación do seu texto na páxina web e nas redes sociais de FEGADACE, asinado co seu nome e apelidos ou co pseudónimo que indiquen co envío.

A organización resérvase o dereito de excluír aqueles textos que poidan ser ofensivos ou ir en contra dos valores da Federación e das asociacións galegas de dano cerebral.

## **11. PROTECCIÓN DE DATOS**

Os datos persoais das persoas participantes serán tratados por FEGADACE dentro da actividade de tratamento dedicada á organización de iniciativas e eventos de desenvolvemento da actividade asociativa.

A base do tratamento dos datos é a intención de participar no noso concurso e a finalidade da recollida é xestionar o sorteo implicando o consentimento para a publicación dos datos persoais das persoas participantes na páxina web e redes sociais.

Os datos dos participantes conservaranse o tempo necesario para a organización do sorteo, e o necesario para cumprir coas finalidades de difusión das iniciativas promovidas por FEGADACE.

Poderán exercitarse os dereitos de OPOSICIÓN, ACCESO, RECTIFICACIÓN, LIMITACIÓN, SUPRESIÓN e PORTABILIDADE mediante escrito dirixido a FEGADACE (FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL). RÚA GALERAS, 17, 2º, OFICINA 5, 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA, acompañando cunha fotocopia do DNI ou, no seu defecto, do documento que acredite a súa debida identidade, ou ben solicitar que lle sexan remitidos os impresos para o exercicio de dereitos dos que a entidade responsable do tratamento dispón.